

Biblioteca Pública Municipal de Narón
R/ 25 de xullo, s/n -15570- Narón
981382173



NORMATIVA DE USO DOS EQUIPOS INFORMÁTICOS

PROCEDIMENTO PARA A UTILIZACIÓN DOS EQUIPOS:

Para a utilización do servizo será necesario o carné de socio/a da biblioteca. Para o caso de persoas que veñan de paso (ata tres veces nun mesmo ano) valerá con que presenten o DNI.

No caso de menores de 14 anos requirirase unha autorización asinada polo pai/nai/titor legal para a utilización do servizo.

Cada persoa deberá rexistrarse nunha folla habilitada para tal efecto que se atopará no mostrador central. Nela consignarase o número de carné, o nome do usuario/a, a hora de chegada, o número do equipo asignado e a hora á que debe deixalo libre.

Entregaráselle á persoa usuaria unha tarxeta co número do equipo que se lle asigna, que deberá manter en lugar ben visible durante a súa utilización como medida para asegurarnos de que cada persoa que fai uso do servizo estea previamente anotado na folla de rexistro.

O tempo límite de uso será de 90 minutos diarios. Se o usuario/a precisa máis tempo e non hai ninguén agardando polo equipo, poderase prorrogar este tempo 30 minutos máis.

Unha vez rematado o tempo límite de uso, o usuario/a deberá deixar libre o equipo e devolver a tarxeta ao mostrador central.

DEREITOS E DEBERES DAS PERSOAS USUARIAS:

Os dereitos e deberes das persoas usuarias deste servizo, así como o réxime sancionador aplicable están recollidos no Regulamento de funcionamento dos servizos da biblioteca pública municipal do Concello de Narón (BOP 208 de 31 de outubro de 2018).